



Regulamento Oficial para os Concursos Morfolóxicos de Cabalos de Pura Raza Galega (P.R.G.)

• Artigo 1º. Definición.

Defínese como concurso morfolóxico de cabalos e eguas de Pura Raza Galega o conxunto de competicións de carácter racia nas que poida participar todo exemplar inscrito no Rexistro Xenealóxico da raza e cumprindo as esixencias do presente regulamento.

• Artigo 2º. Obxectivos.

Os obxectivos que se perseguirán en todo momento polas organizacións destes concursos serán os seguintes:

2.1 Contribuír ó **fomento** e **prestixio** da cría de cabalos de Pura Raza Galega.

2.2 Facilitar ós gandeiros a posibilidade duna mellor **selección** dos seus produtos.

2.3 Impulsa-lo **coñecemento** e a **comercialización** dos exemplares da raza.

• Artigo 3º. Comités Organizadores.

Poderá organizar estes concursos calquera entidade pública ou privada que, reunido as condicións esixidas neste regulamento, o solicite á Asociación do Pura Raza Cabalo Galego antes do día 1 de decembro de cada ano, co fin de confecciona-lo calendario do ano próximo.

• Artigo 4º. Categorías dos concursos.

Os concursos clasificaránse nas seguintes categorías:

4.1 PROMOCIÓN: *Non puntuables para o Campionato Galego.*

4.2 AUTONÓMICOS: *Puntuables para o Campionato Galego.*

4.3 CAMPIONATO GALEGO: *(Final)*

Para poderen participar no Campionato Galego, os exemplares terán que ter participado alomenos en catro concursos autonómicos.



• **Artigo 5º. Organización interna.**

O responsable da dirección, xestión e administración de todo concurso morfolóxico de cabalos de Pura Raz Galega será o seu Comité Organizador, que será composto por:

5.1 Un presidente.

5.2 Un Director Técnico.

5.3 Un Xefe de Pista por pista.

5.4 Secretario.

5.5 Veterinario Oficial do concurso.

Tódolos cargos relacionados no presente artigo estarán acreditados oficialmente pola Asociación de Pura Raza Cabalo Galego e identificados en todo momento durante a celebración do concurso.

• **Artigo 6º. Competencias dos integrantes do Comité Organizador.**

6.1 Presidente do Comité Organizador é o máximo responsable do certame e poderá autoriza-la colaboración de auxiliares para o normal desenvolvemento do concurso, que deben estar identificados en todo momento; o seu número será variable dependendo da categoría do concurso.

6.2 O Director Técnico será o responsable de toda a parte técnica do concurso e do fiel cumprimento do presente regulamento, sendo o máximo responsable dos restantes comités.

6.3 En cada unha das pistas nomearase un Xefe de Pista. Será o encargado de velar polo correcto cumprimento das normas relativas á presentación (vestimenta, limpeza dos animais, utilización da fusta...) e de comproba-la correcta identificación tanto dos exemplares coma dos presentadores, ordena-la súa entrada e saída da pista, etc., para conseguir unha óptima realización do concurso.

6.4 O Secretario será o encargado de verificar e certificar, se fose necesario, a comprobación da documentación dos animais presentados ó concurso e de computa-los resultados finais das valoracións dos xuíces.

6.5 O Veterinario Oficial será o encargado de velar polo cumprimento das normativas zosanitarias actuais no momento da celebración do concurso e encargado de solicitar, revisar e certificar, no seu caso se o xurado o solicita, a autenticidade da documentación referente ós animais en concurso.



• **Artigo 7º. Das instalacións e infraestructuras do concurso.**

Para a realización dun Concurso Morfolóxico de cabalos de Pura Raza Galega, o Comité Organizador terá que dispor de instalacións e infraestructura acordes coa categoría do concurso, debendo garantir:

7.1 Aloxamentos axeitados, tanto para machos coma para femias, o suficientemente distanciados para evitar posibles accidentes. Estes deberán ser seguros e aptos para a boa observación dos exemplares.

7.2 Lugares para abeberar ou puntos de subministración de auga en número, caudal e potabilidade necesarios para satisfacer un cómodo labor de manutención e hixiene dos exemplares admitidos o concurso.

7.3 Existencia de camas de palla ou serraduras para as cortes dos cabalos durante a súa estancia no recinto do concurso.

7.4 Penso e palla axeitados, que poderán ser ou non gratuitos segundo o estime oportuno o Comité Organizador.

7.5 Servicio de vixilancia que garanta a seguranza dos animais as 24 horas.

7.6 Tanto á chegada dos cabalos coma durante o concurso, velarase pola minuciosa limpeza e desinfección das instalacións.

7.7 Servicio veterinario.

7.8 Servicio de ambulancia e un plan de desaloxo do recinto feiral por efectivos de Protección Civil e membros dos corpos de seguridade (Policía Local ou Garda Civil), sendo todo isto responsabilidade do Comité Organizador competente.

• **Artigo 8º. Dos exemplares.**

Todo os exemplares que vaian presentarse a un concurso, ademais de estra en perfecto estado físico, deberán someterse ós seguintes condicionantes:

8.1 Condicionado sanitario esixido polas autoridades sanitarias da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria da Xunta de Galicia e polo Comité Organizador.

8.2 Documentación acreditativa, segundo o disposto no artido 9º do presente regulamento.

8.3 Cando se trate de animais que participen nas seccións 7º a 12º, deberán estar acreditados como reprodutores polo Rexistro Xenealóxico da raza.

8.4 Tódolos animais presentados por unha gandería han de ser da súa propiedade.



• **Artigo 9º. Recepción dos exemplares.**

O Comité Organizador designará un Xurado de Admisión composto, como mínimo, do Director Técnico, un Secretario e un Veterinario Oficial auxiliado por un número de veterinarios, axeitado ó número de animais que se acollan.

O Xurado de Admisión, ademáis de velar polo cumprimento das esixencias expostas no artigo 8º, fará as seguintes comprobacións:

9.1 Todo exemplar deberá estar acompañado do Pasaporte do Cabalo Pura Raza Galega debidamente actualizado ou documentación oficial que o acredite como tal.

9.2 Comprobación do chip electrónico e da identificación *a frigore* (se se dá o caso) para determinar que o exemplar corresponde á documentación presentada.

O Xurado de Admisión, como máxima autoridade durante os días de recepción dos cabalos, é o responsable de admitir ou rexeitar aqueles exemplares que non se axusten ás normas establecidas no presente regulamento. Igualmente, deberá observar os exemplares antes da súa presentación ó Xurado Cualificador e poderá afectar nos animais cantos controis estime oportunos durante a celebración do concurso.

Unha vez sexa admitido un exemplar polo Xurado de Admisión como apto para concursar, considerarase oficialmente inscrito, salvo causa de forza maior.

As decisións deste xurado poderán ser recorridas perante o Xurado Superior.

• **Artigo 10º. Dos veterinarios.**

O Comité Organizador contará cun equipo veterinario composto alomenos por un veterinario, auxiliado por un ferrador e os medios suficientes para desenvolver con eficacia as súas funcións. Estarán a disposición dos señores gandeiros expositores e os seus emolumentos correrán a cargo do Comité Organizador mais nos os gastos de medicamentos, que deberán proceder do gandeiro.

• **Artigo 11º. Dos xuíces.**

Os xuíces de concursos morfolóxicos de cabalos de Pura Raza Galega han de estar en posesión do título de Xuíz de Valoración e Cualificación Morfolóxica de cabalos de Pura Raza Galega, outorgando conxuntamente pola Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia e a Asociación Pura Raza Cabalo Galego.

Os Comités Organizadores solicitarán, alomenos cun mes de antelación á realización do concurso, á Oficina do Libro Xenealóxico do Cabalo de Pura Raza Galega o nomeamento do número de xuíces necesarios para realiza-lo certame, sendo sempre un mínimo de dous. Deberá nomearse obrigatoriamente un xuíz suplente.



As retribucións que cobrarán os xuíces serán establecidas neste regulamento conforme detalla: dieta/día: 90,15; gasto quilometraxe: 0,19/ km. Se cómpre, aloxamento e manutención, ademais dun seguro xeral de accidentes durante o día ou días de concurso.

A revisión das retribucións efectuarase unha vez o ano coincidindo coa confección do Calendario Oficial de Competición (C.O.C.) e sempre de acordo cos Comités Organizadores participantes.

Os xuíces, durante o desenvolvemento do certame, limitarase a xulgar ós exemplares en pista seguindo as normas establecidas sen comentar entre deles as condicións boas ou malas dun exemplar para evitar influír no ánimo doutro xuíz.

Os xuíces non tocará os animais presentados, aínda que se observan un defecto descualificante, poñerano en coñecemento do Veterinario do Xurado de Admisión para que sexa observado e, se procede, informarán ó Xefe de Pista da convivencia da retirada do exemplar.

Pola súa condición de Xuíz, non poderán presentar, montar, enganchar nin ter do ramal ningún exemplar inscrito no concurso, nin dar información sobre as valoracións efectuadas durante a realización do certame. Se pode, nembargantes, dar esta información logo de se faceren públicas as cualificacións.

Os xuíces non poderán visita-las instalacións nin os exemplares dos gandeiro xusto antes nin durante o concurso, nin acepta-la súa hospitalidade.

Ningún xuíz deberá xulgar deliberadamente un cabalo sobre o que haya un conflito de interese real ou suposto.

Hai un conflito de interese real ou suposto cando se vai xulgar un cabalo que:

11.1 Foi vendido ou comprado polo xuíz, tanto como propietario ou como intermediario.

11.2 É propiedade total ou parcial do xuíz, dun membro da familia do xuíz ou dun socio deste en negocios de exemplares do P.R.G.

11.3 Foi criado polo xuíz ou é propiedade dunha gandería na que está empregado o xuíz.

11.4 Foi regularmente examinado ou tratado polo xuíz na súa condición profesional.

11.5 Se houbese parentescp familiar co xuíz e o gandeiro ou presentador ata no segundo grao.

O xuíz na pista ostentará a máxima autoridade de materia de cualificación e clasificación morfolóxicas e funcionais. As súas decisións serán anapelables.



No caso de que se presente conflito de intereses con algún dos xuíces, a responsabilidade de resolución deste recaerá no comité organizador.

• **Artigo 12º. Xurado Superior ou de Apelación.**

O Comité Organizador designará un Xurado Superior ou de Apelación que ostentará a máxima autoridade e deberá resolver cantas incidencias se `presenten no concurso, na aplicación do regulamento, agás en materia de cualificación de exemplares.

As súas decisións serán inapelables. Estará composto por:

12.1 Un Presidente/a.

12.2 Un Secretario/a.

12.3 Tres Vocais.

Algún dos vocais poderá exercer funcións de Secretario. En tal caso, o Presidente terá voto de calidade en caso de empate.

En caso de conflito, o Xurado Superior poderá estar asistido polos técnicos especialistas que proceda, que emitirán os informes convenientes pero non terán voto.

• **Artigo 13º. Métodos que se deben xulgar.**

Os xuíces empregarán en tódalas súas actuacións dos diferentes certames os impresos oficiais para efectuaren as súas cualificacións, conforme o método que proceda en cada caso, de acordo co presente regulamento.

Para encheren as fichas, os xuíces empregarán rotulador, bolígrafo ou pluma, estando totalmente prohibido o uso do lapis ou portaminas. De existiren tachas ou emendas, teranse por válidas cando o xuíz as asuma asinando estas; en caso contrario, a cualificación carecerá de validez.

Será examinados tódolos exemplares participantes no concurso, tanto na súa morfoloxía coma ó paso e o trote.

O método para se xulgaren as distintas seccións dependerá do número de exemplares participantes no concurso en cada unha delas.

Determinarásese o número de exemplares que deberán quedar en pista en cada unha das seccións. Os xuíces utilizarán o sistema de roda, deixando en pista o número de finalistas que corresponda, aplicando a seguinte regra:

- Seccións con menos de 10 exemplares: *6 finalistas.*
- Seccións de entre 10 e 25 exemplares: *12 finalistas.*
- Seccións con máis de 25 exemplares: *15 finalistas.*



13.1 Cando o número dunha sección sexa tan amplo que non caiban na pista de presentación, estes dividiránse en tantas veces cumpra.

13.2 Despois de estraren en pista os exemplares dunha vez, o xuíz ou xuíces procederán a examinar en todos eles a morfoloxía e os seus movementos ó paso e ó trote, para o cal se empregará o método de roda, aplicando unha puntuación global a cada exemplar para selecciona-los exemplares finalistas en cada sección, segundo o establecido anteriormente.

13.3 Por este sistema a media da puntuación global de tódolos xuíces permitirá establecer unha clasificación descendente por puntos, de onde se tomarán os finalistas.

13.4 Se unha ten menos de dez exemplares, pasarase directamente á cualificación polo método de fichas por rexións.

Os finalistas de cada sección deberán ser cualificados polo método de fichas por rexións, ó entraren tódolos finalistas en pista, colocaránse no lateral desta, preparado para o efecto e irán pasando un por un pola zona reservada a xunlamentos, a indicacións do Xuíz de Pista.

A media das puntuacións dos xuíces establecerá a clasificación de exemplares na sección.

En tódolos casos, e sexa cal fora a forma de cualificación empregada e establecida neste regulamento, o xuíz ou xuíces, unha vez clasificados os exemplares finalistas, poderán altera-la orde provisional sempre que sexa por aumento de puntuación, non podendo baixa-las puntuacións do resto para adecuar a clasificación definitiva.

En caso de empate na puntuación final dunha sección, resultará gañador o exemplar que teña máis puntuación media na cabeza.

Todo xuíz dun concurso morfolóxico orientará as súas cualificacións de acordoscos parámetros que define o prototipo do Cabalo de Pura Raza Galega e que fixa o Libro de Rexistro así como o establecido no presente regulamento e o concepto de valoración será o mesmo para tódalas seccións.

● **Artigo 14º. Da cualificación das seccións.**

Tódolos exemplares que sexan presentados a un concurso morfolóxico se ordenarán por seccións, segundo as súas idades comprobadas nas cartas xenealóxicas:

14.1 Sección 1º Poldras de 1 ano.

14.2 Sección 2º Poldros de 1 ano.

14.3 Sección 3º Poldras de 2 anos.



14.4 Sección 4º Poldros de 2 anos.

14.5 Sección 5º Poldras de 3 anos.

14.6 Sección 6º Poldros de 3 anos.

14.7 Sección 7º Eguas de 4 e 5 anos.

14.8 Sección 8º Sementais de 4 e 5 anos.

14.9 Sección 9º Eguas de 6 e 7 anos.

14.10 Sección 10º Sementais de 6 e 7 anos.

14.11 Sección 11º Eguas de 8 ou máis anos.

14.12 Sección 12º Sementais de 8 ou máis anos.

Os comités organizadores, en calquera Concurso Oficial de Raza, poderán prescindir das seccións 1ª, 2ª, 3ª e 4ª. O resto das seccións serán obrigatorias, así como os premios especiais na final (estes premios están definidos no **artigo 17º**).

● **Artigo 15º. Dos premios.**

Seguindo as categorías establecidas no **artigo 4º** do presente regulamento, os comités organizadores quedarán obrigados a entrega-los seguintes premios:

Para os concursos de promoción, autonómicos e Campionato Galego:

En tódalas seccións que se realicen, os comités organizadores entregarán os seguintes premios:

Primeiro premio, denominado **Gran Premio “Asociación Pura Raza Cabalo Galego”**: trofeo e escarapela.

Segundo premio, denominado **Premio “Nome do patrocinador”** ou o que estime a organización se este non existe: trofeo e escarapela.

Terceiro premio, denominado **Premio “Nome designado polo Comité Organizador”**: trofeo e escarapela.

Para o campionato galego:

No campionato galego ademais dos premios establecidos no apartado anterior, os comités organizadores entregarán os seguintes premios:

- **Para os machos:**



Primeiro premio para o Campión da Raza, denominado “**Gran Premio Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia**”: consistente en trofeo, escarapela e diploma.

Segundo premio para o Subcampión da Raza, denominado “**Premio Asociación Pura Raza Cabalo Galego**”, consistente en trofeo, escarapela e diploma.

Terceiro premio denominado “**Nome do patrocinador oficial**”, en caso de non haber patrocinador, recibirá o nome que determine o Comité Organizador e consistirá no que determine o Comité Organizador.

Cuarto premio denominado “**Nome designado polo Comité Organizador**” e consistirá no que determine o Comité Organizador.

Mención honorífica do 4º ó 6º posto: escarapela do certame.

- *Para as femias:*

Primeiro premio para a Campiona da Raza, denominado “**Gran Premio Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia**”, consistente nun trofeo, escarapela e diploma.

Segundo premio para a Subcampiona da Raza, denominado “**Premio Asociación Pura Raza Cabalo Galego**”, consistente nun trofeo, escarapela e diploma.

Terceiro premio denominado “**Nome do patrocinador oficial**”, en caso de non haber patrocinador, recibirá o nome que determine o Comité Organizador e consistirá no que determine o Comité Organizador.

Cuarto premio denominado “**Nome designado polo Comité Organiozador**” e consistirá no que determine o Comité Organizador.

Mención honorífica do 4º ó 6º posto: escarapela do certame.

A valoración para establece-la clasificación anteriormente exposta farase do seguinte xeito:

Suma da media aritmética das catro mellores puntuacións obtidas nos concursos autonómicos celebrados o mesmo ano do campionato, coa puntuación obtida na final do campionato galego.

Fórmula:

$$\text{Puntuación Total} = \frac{C.A + C.A + C.A + C.A}{4} + \text{Puntuación Final C.G}$$

C.A (Concurso Autonómico)

C.G (Campionato Galego)



● **Artigo 16º. Dos premios especiais.**

No Campionato Galego serán obrigatorios os premios especiais que a continuación se relacionan:

Premio á mellor gandería.

Obterá o premio á mellor gandería aquela que consiga maior media aritmética dos puntos obtidos en función da clasificación dos produtos presentados ó concurso, sempre e cando participe nun mínimo de oito seccións cando estea establecido no concurso a participación de doce seccións; seis cando non concorran a 1º e a 2º; e cinco cando non concorran a 1º, 2º, 3º e 4º.

Ante un empate, resolverase a favor daquela que teña:

- 1º- Presentado maior número de animais.
- 2º- Presentado o semental con maior puntuación.
- 3º- Presentado a egua con maior puntuación.

Para efectos de cálculo para determina-las clasificacións, dividirase a suma dos puntos polos produtos da gandería entre o número de produtos presentados.

Premio ó mellor expositor gandeiro.

Poderá optar ó premio mellor expositor gandeiro todo aquel que, reunindo as condicións esixidas por este regulamento, presente exemplares nas mesmas seccións establecidas para o premio á mellor gandería.

En caso de empate, aplicaránse os mesmos criterio ca para o premio anterior.

Os premios á mellor gandería e ó mellor expositor gandeiro serán optativos para tódolos gandeiros, polo que á hora da inscrición deberán especificar se se presenta ou non a eles, quedando fora aqueles que nese momento non decidan optar a estes. En caso de non haber solicitudes, o premio quedará deserto.

● **Artigo 17º. Responsabilidade dos xuíces.**

Dentro das pistas de presentación, o xurado asumirá a máxima autoridade, sendo as súas decisións, en canto ás cualificacións, inapelables e podendo esixi-la presentación dos exemplares na posición que máis conveña ó desempeño do seu labor, así como que executen os movementos que consideren oportunos.

En todo concurso os xuíces deberán esixir do Comité Organizador:

17.1 A correcta localización e delimitación da pista de presentación.

17.2 O correcto funcionamento do equipo de megafonía en pista.



17.3 Acorrecta identificación dos animais que se xulgarán.

17.4 O máximo rigor no horario previsto.

17.5 Os colaboradores necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.

Se nalgunha das seccións que se xulgan ningún dos exemplares a ela presentados ten, a criterio dos xuíces, a calidade suficiente para ser cualificado en calquera posto con dereiro a premio, os premios destasección poderían quedar desertos, polo que se pasará a clasificarse as seguintes seccións.

O Secretario do Comité Organizador deberá entregar ó Presidente do Comité Organizador as actas correspondentes, debidamente asinadas polos xuíces, nas que aparezan os resultados e cualificacións dos exemplares de cada sección. As devanditas actas, unha vez finalizado o concurso, serán enviadas polo Comité Organizador á Asociación Pura Raza Cabalo Galego.

● **Artigo 18º. Responsabilidade do gandeiro.**

Todo gandeiro que decida presentar produtos a un concurso comprométese a respecta-lo presente regulamento, as condicións esixidas polo Comité Organizador e acepta-os imprevistos derivados de causas de forza maior, do mesmo xeito que poderá eleva-las súas protestas perante o Xurado Superior.

Os gandeiro non poderán presentar un exemplar a concurso cando exista un conflito real consonte o establecido no artigo 11º deste regulamento.

Os exemplares presentados deberán te-la doma ou manexo suficiente para cumpri-las funcións ás que foron presentados.

Tódolos exemplares se presentará con cabezadas axeitadas e seguras para a súa idade e sexo, estando prohibido calquera outro aparello que modifique a presentación natural deste.

Queda terminantemente prohibida a aplicación de substancias que dunha forma ou outra poidan enmascara-lo estado físico e psíquico natural de calquera exemplar, salvo que o veterinario do certame o autorice.

O incumprimento das normas establecidas será motivo de apertura de expediente sancionador polo organismo competente, que informará de modo inmediato ó Libro Rexistro de Raza e á Asociación Pura Raza Cabalo Galego, podendo neste caso a sanción chegar á inhabilitación do gandeiro para participar nun ou varios concursos ou a inhabilitalo permanentemente.

● **Artigo 19º. Dos presentadores.**



Para a saída a pista dos animais, esixírase ós presentadores vestimenta acorde coa presentación dos exemplares dos cabalos de Pura Raza Galega.

A vestimenta oficial dos presentadores para os concursos morfolóxicos de cabalos de Pura Raza Galega é a seguinte: chaleco negro e gris (en tecido ou en pana), camisa branca, pantalón escuro a xogo co chaleco e, na cabeza, viseira, boina ou sombreiro de ala estreita e de cor a xogo con chaleco. O pantalón deberá ir sempre por fóra das botas e estas han de ser de cor escura.

Os presentadores estarán en todo momento atentos ás indicacións do xurado en pista.

Os presentadores que, por algunha causa, falasen en pista ou insultasen ó xurado ou Comité Organizador, serán expulsados da proba e abriráselles un expediente sancionador.

Cando un exemplar non se comporte correctamente na pista, para non interferir na presentación do resto dos exemplares, o seu presentador pedirá permiso ó xuíz e sairá da pista.

● **Artigo 20º. Dos programas do concurso.**

Os programas dos concursos morfolóxicos de cabalos de P.R.G. teñen que presenta-las seguintes indicacións:

20.1 Datas e lugar de realización.

20.2 Datas e horas de recepción de embarque.

20.3 Condicións sanitarias esixidas.

20.4 Prazos de inscrición e seccións que se cualificarán.

20.5 Prezo de inscrición.

20.6 Subvencións e axudas ó gandeiro pola participación no concurso.

20.7 Disponibilidade de penso e feo, así como as condicións de adquisición.

20.8 Premios en metálico, no caso de os haber.

● **Artigo 21º. Rexistro de méritos.**

Só os resultados dos concursos morfolóxicos de cabalos de Pura Raza Galega que fosen vulgados por xuíces seleccionados da Lista Oficial de Xuíces, confeccionada anualmente pola Comisión Rectora do Libro de Rexistro Xenealóxico do Cabalo de Pura Raza Galega, e segundo o presente regulamento, serán incluídos no Libro de Méritos de Cabalos de Pura Raza Galega.



- **Artigo 22º. Quén debe acatar este regulamento.**

Tódolos membros do Comité Organizador, comisarios do concurso, do Xurado de Admisión, do Xurado Cualificador, do Xurado de Apelación, gandeiros, presentadores ou persoas implicadas dalgún xeito na organización e participación do certame deberán acatar sen reserva ningunha este regulamento e mais acepta-la autoridade do Xurado de Apelación e do Xurado Cualificador, non sendo responsables no terreo civil de ningunha consecuencia das decisións que tomasen.